

Poboación

Poboación de Galicia e España a 1 de xaneiro de 2021

	Poboación a 1 de xaneiro de 2020	Poboación a 1 de xaneiro de 2021	saldo			
			Vexetativo	Migratorio exterior	Migratorio interior	Saldo total
Galicia	2.696.995	2.702.592	-17.610	7.540	4.593	-5.477
España	47.394.223	47.332.614	-153.167	216.244	0	63.077

Fonte: INE / (*) Salvo o dato de poboación ao inicio do período, todos os datos son provisionais



Segundo os datos facilitados polo INE, a poboación de Galicia pechou o ano 2020 por baixo das 2.700.000 persoas, cun descenso de poboación no ano de -5.477 habitantes, o que supón una redución do -0,20% do total, fronte a un incremento da poboación en España do 0,13% no mesmo período. Trátase de datos que rachan coas tendencias observadas na segunda metade da pasada década tanto en Galicia como en España. As variacións no saldo vexetativo permiten facerse unha idea do efecto da Covid-19: así, a diferenza entre mortes e nacementos en España superou en 96.000 persoas os valores máximos rexistrados nos anos anteriores, mentres que en Galicia o fixo en aproximadamente 2.000 persoas. O saldo migratorio exterior tamén se viu afectado, cun descenso que en España superou ás 230.000 persoas respecto do producido en 2019, e un descenso en Galicia de 9.000 persoas. Estes datos contrastan coa evolución do saldo migratorio interior en Galicia, onde a tendencia alcista de anos anteriores mesmo se acelerou en 2020, acadándose un saldo migratorio positivo en 4.593 persoas procedentes das restantes Comunidades autónomas, dato que a sitúa como a terceira Comunidade con saldo migratorio interior máis positivo tanto en termos absolutos como relativos.

Produto interior bruto

Variación interanual porcentual do PIB (índices de volume encadeados, referencia ano 2015=100. Datos corrigidos de estacionalidade e calendario) Galicia-España 2015-2021

	% (TIT-4)	2015	2016	2017	2018	2019	2020	1T15	2T15	3T15	4T15	1T16	2T16	3T16	4T16	1T17	2T17	3T17	4T17	1T18	2T18	3T18	4T18	1T19	2T19	3T19	4T19	1T20	2T20	3T20	4T20	1T21
Galicia		2,8	3,4	1,9	3,2	1,8	-8,9	2,0	2,9	2,8	3,4	3,8	3,4	3,8	2,6	1,9	2	1,9	2,1	3,0	3,4	3,0	3,2	2,7	1,8	1,5	1,1	-3,8	-18,0	-6,2	-7,6	-2,9
España		3,8	3,1	3,0	2,4	2,0	-10,8	3,2	3,9	4,0	3,8	3,7	3,0	3,0	2,5	2,6	3,3	2,9	3,1	2,9	2,3	2,3	2,3	2,2	2,1	1,8	1,7	-4,3	-21,6	-8,6	-8,9	-4,2

Fuentes: INE (Contabilidade Nacional Trimestral), IGE



O PIB galego comezou o ano 2021 recobrando a tendencia ao alza que perdera no último trimestre de 2020 cunha subida no primeiro trimestre do 0,6% intertrimestral, o cal levou a variación do PIB en termos interanuais ata un -2,9%. O PIB español reduciuse no -0,4% respecto ao último trimestre de 2020, mentres que en termos interanuais o descenso do PIB en España foi dun -4,2%.

O primeiro trimestre de 2021 e xa o quinto trimestre afectado pola chegada da Covid-19. O gráfico 1 amosa a evolución da variación porcentual do PIB interanual e permite facernos unha idea da magnitude do impacto da pandemia na actividade económica galega e española. Con todo, e por tratarse de circunstancias extremas nas que o que tivera sucedido nas datas de orixe afecta ao resultado dun xeito que pode resultar equívoco, engadimos no gráfico 2 do índice de volume encadenado en termos absolutos, o que nos aporta unha perspectiva diferente da diminución real da actividade económica e, sobre todo, da recuperación xa producida e do que falta ata que o volume da economía galega volte a ser o anterior á chegada da pandemia. Así, e tomando como referencia o dato do índice de volume encadenado en Galicia para 2019 (110,66), ao peche do primeiro trimestre de 2021, o volume da actividade económica galega ficaba por baixo do nivel de 2019 nun -6,8%. No caso de España, o dato de 2019 era do 111,80 e, ao peche do primeiro trimestre de 2021, o volume de actividade económica en España é un -8,8% inferior ao de entón.

O avance do PIB estatal para o 2º trimestre de 2021 prevé unha suba do 2,8% porcentuais en termos intertrimestrais que, en termos interanuais, suporía que o PIB estatal interanual pasaría a reflectir un crecemento do 19,8%.

Poboación activa, paro rexistrado, contratación, afiliación á Seguridade Social

Valores Poboación Activa Galicia-España, 2º Trimestre 2021

	Trimestre actual	Variación trimestre anterior		Variación mesmo trimestre ano anterior	
		Diferencia	Porcentaxe	Diferencia	Porcentaxe
Galicia	1.229,1	11,0	0,9	36,2	3,0
España	23.215,5	354,8	1,6	1.240,3	5,6

Fonte: Encuesta de Población Activa - INE (datos en miles)

A Encuesta de Población Activa (EPA) para o 2º trimestre de 2021 indica que a poboación activa galega incrementouse en once mil persoas (o 0,9%) respecto do primeiro trimestre, e 36.200 persoas nos últimos doce meses (o 3,0%) mentres que en España se rexistraron incrementos máis intensos, dun 1,6% e dun 5,6% respectivamente.


Pola súa banda, o número de persoas ocupadas en Galicia incrementouse en 17.000, o que supón un aumento do 1,6%. Tal e como sucede coa poboación activa, en España observáronse incrementos aínda máis intensos: así, a ocupación medrou en España nun 2,4% respecto ao trimestre anterior. En termos interanuais a evolución foi de novo positiva, xa que a ocupación medrou en Galicia en 26.300 persoas (o 2,5%) e en 1.064.400 persoas en España (o 5,7%). A taxa de ocupación acadou en Galicia o 46,0% no 2º trimestre, valor inferior en 3,6 puntos porcentuais á taxa de ocupación rexistrada en España no mesmo período, que foi do 49,6%. Para rematar coa análise da EPA do 2º trimestre de 2021, o número de persoas en paro en Galicia ficou en 152.400, diminuindo respecto do trimestre anterior no 3,7% (-5.900 persoas paradas menos). A taxa de paro rexistrada diminuíu en seis décimas neste trimestre e fica así no 12,4%, mentres que a rexistrada en España reduciuse en sete décimas ata o 15,3%, logo de que o paro diminuíse en -110.100 persoas no trimestre, co que o número total de persoas en paro pasa a ser de 3.543.800 persoas.

As distintas edicións do Boletín mensual do paro rexistrado publicadas ata o mes de xuño recollen diminucións mensuais no paro rexistrado para cada un dos meses deste trimestre, diminucións que oscilan entre o -3,2% do mes de maio e o -5,5% de abril.

Paro rexistrado en Galicia por xénero e idade. 2º Trimestre 2021

2T21	Mes actual			variación mes anterior			%variación mes anterior			variación mes ano anterior			%variación mes ano anterior		
	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño
TOTAL	170.778	165.306	157.718	-9.941	-5.472	-7.588	-5,5%	-3,2%	-4,6%	-20.851	-25.776	-26.936	-10,9%	-13,5%	-14,6%
Homes	71.971	69.139	65.890	-4.898	-2.832	-3.249	-6,4%	-3,9%	-4,7%	-13.011	-14.792	-14.065	-15,3%	-17,6%	-17,6%
Mulleres	98.807	96.167	91.828	-5.043	-2.640	-4.339	-4,9%	-2,7%	-4,5%	-7.840	-10.984	-12.871	-7,4%	-10,3%	-12,3%
<30 anos	20.935	19.426	17.981	-2.927	-1.509	-1.445	-12,3%	-7,2%	-7,4%	-6.139	-7.825	-8.333	-22,7%	-28,7%	-31,7%
entre 30 e 44 anos	55.234	53.066	49.707	-3.689	-2.168	-3.359	-6,3%	-3,9%	-6,3%	-10.252	-11.939	-12.059	-15,7%	-18,4%	-19,5%
>44 anos	94.609	92.814	90.030	-3.325	-1.795	-2.784	-3,4%	-1,9%	-3,0%	-4.460	-6.012	-6.544	-4,5%	-6,1%	-6,8%
Agricultura e Pesca	5.916	5.855	5.591	-468	-61	-264	-7,3%	-1,0%	-4,5%	-469	-437	-680	-7,3%	-6,9%	-10,8%
Industria	19.520	18.993	18.276	-455	-527	-717	-2,3%	-2,7%	-3,8%	-1.701	-2.122	-2.062	-8,0%	-10,0%	-10,1%
Construción	12.574	11.986	11.547	-771	-588	-439	-5,8%	-4,7%	-3,7%	-3.784	-3.612	-3.121	-23,1%	-23,2%	-21,3%
Servizos	120.566	116.500	110.251	-6.839	-4.066	-6.249	-5,4%	-3,4%	-5,4%	-13.465	-17.729	-18.735	-10,0%	-13,2%	-14,5%
Sen emprego anterior	12.202	11.972	12.053	-1.408	-230	81	-10,3%	-1,9%	0,7%	-1.432	-1.876	-2.338	-10,5%	-13,5%	-16,2%

Fonte: Boletín mensual de paro rexistrado, Consellería de Emprego e Igualdade Xunta de Galicia



Por idades, a redución do paro rexistrado mes a mes foi máis intensa canto máis novo o grupo de idade. Para menores de 30 anos, a redución do paro rexistrado superou o -7% os tres meses do período, e mesmo os dous díxitos en abril, mentres que para os de 45 ou máis anos non se acadaron reducións superiores ao -3,5%. A redución interanual amosa cifras moi superiores pero idéntica tendencia, cunha redución de xuño a xuño superior ao -30% entre os menores de 30, e unha redución para os maiores de 45 anos que quedou por baixo do -7% nese período.

Por sectores de actividade, en termos mensuais as reducións do paro rexistrado producíronse en cada mes e sector, con valores similares en servizos, construción e o sector primario e lixeiramente inferiores na industria. O grupo de persoas sen emprego anterior foi a excepción, xa que pasou dunha redución do paro rexistrado superior ao -10% en abril a rexistrarse un aumento do paro en xuño. En termos interanuais, tal e como era previsible, tamén rexistrouse descenso do paro para cada mes e sector, destacando o comportamento da construción, con reducións en cada mes superiores ao -20%.

Datos de contratación en Galicia por xénero, idade, tipo de contrato e sector. 2º Trimestre 2021

	Trimestre actual	Var. trimestre anterior	%Var. trimestre anterior	Var. trimestre año anterior	%Var. trimestre año anterior
2T2021	218.179	46.322	27,0%	109.068	100,0%
Homes	115.310	22.847	24,7%	54.368	89,2%
Mulleres	102.869	23.475	29,6%	54.700	113,6%
<30 anos	69.417	21.361	44,5%	37.673	118,7%
entre 30 e 44 anos	88.952	14.359	19,2%	42.962	93,4%
>44 anos	59.810	10.602	21,5%	28.433	90,6%
Indefinido	21.252	169	0,8%	10.601	99,5%
Temporal	194.894	46.843	31,6%	96.887	98,9%
Prácticas / Formación	1.173	-442	-27,4%	794	209,5%
Otros	860	-248	-22,4%	786	1062,2%
Agricultura e Pesca	6.844	-1.166	-14,6%	1.359	24,8%
Industria	40.242	1.178	3,0%	19.485	93,9%
Construción	10.877	904	9,1%	3.225	42,1%
Servizos	160.216	45.406	39,5%	84.999	113,0%

Fonte: Boletín Mensual de Contratación , Consellería de Emprego e Igualdade

Os datos das distintas edicións do *Boletín mensual da contratación* para os meses do 2º trimestre de 2021 amosan un incremento respecto do trimestre anterior do 27,0%. Este aumento foi moito máis intenso se comparamos co segundo trimestre de 2020, período respecto o cal o número de novos contratos se duplicou. De novo, cómpre ter en contra o efecto distorsionador do confinamento decretado o 14.03.2020 á hora de interpretar os datos axeitadamente, factor que se apreciaba máis claramente atendendo á evolución por meses. Así, o incremento mes a mes en abril (5,8%) e maio (1,4%) foi moito menor que en xuño (29,2%), mentres que, se comparamos os meses cos correspondentes de 2020 a tendencia foi a oposta, con incrementos de máis do dobre en abril e maio e do 58% entre os meses de xuño 2021 e xuño de 2020.

Por sexos, e a pesar de que en cada mes asináronse máis novos contratos para homes que para mulleres, o aumento porcentual medio da contratación afectou máis ás mulleres, case que en cinco puntos porcentuais respecto ao pasado trimestre e en máis de 24 respecto ao segundo trimestre do ano pasado.

Por rangos de idade, e en liña co xa comentado para o paro rexistrado, a contratación foi máis intensa entre as persoas traballadoras de 30 anos ou menos, tanto mes a mes como en termos interanuais, con incrementos na contratación especialmente intensos en xuño, mes no que os contratos aumentaron nun 45% respecto ao mes anterior, e 76% respecto ao ano anterior nesa franxa de idade. Os grupos de entre 30 e 44 anos e o de 45 e máis tiveron comportamentos moi similares, con incrementos leves en abril e maio (co mesmo lixeiro descenso neste último mes para as persoas traballadoras de entre 30 e 44 anos) e superiores ao 30% en xuño. Ano a ano, os incrementos foron loxicamente moi intensos, entre o dobre e a tripla de novos contratos en abril e maio, meses na que a comparación toma como referencia o tempo de confinamento, e entre o 50% e o 75% en xuño.


Se atendemos aos distintos tipos de contrato asinados, o incremento en contratos asinados respecto ao mes anterior se debe case que por completo á sinatura de novos contratos de carácter temporal, que medraron por riba do 30%, mentres que as cifras de novos contratos indefinidos se mantiveron constantes e as de prácticas/formación e outros se reduciron respecto ás do primeiro trimestre. Al comparar cifras respecto ao acontecido no segundo trimestre de 2020 observamos que os novos contratos tanto temporais como indefinidos se multiplicaron por dous fronte ao que sucedera entón, mentres que os contratos en prácticas/formación se multiplicaron por tres, e se asinaron dez veces máis contratos dos clasificados como Outros.

Por sectores de actividade, e como é habitual no segundo trimestre, o sector no que a contratación aumentou máis foi o dos servizos, con preto dun 40% de novos contratos máis en comparación cos asinados no primeiro trimestre, e máis do dobre de novos contratos comparando co segundo trimestre de 2020. Mes a mes, o incremento de novos contratos en construción e industria foi máis modesto, con aumentos que non acadaron os dous díxitos porcentuais, se ben o incremento respecto ao mesmo período do ano 2020 no que atinxe á industria (o 93,9%) estivo preto do que se rexistrou no sector servizos. Para rematar, no sector primario asináronse menos contratos novos no segundo trimestre do ano que no primeiro (case que un -15% menos) e incrementáronse nun 25% fronte ao acontecido no segundo trimestre de 2020.

Datos de afiliación media á Seguridade Social. Galicia-España, 2º Trimestre 2021

	Afiliações media 2º trimestre 2021			Variacións											
				mes anterior						interanual					
				absoluta			relativa			absoluta			relativa		
	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño	abril	maio	xuño
Galicia	1.001.994	1.010.528	1.021.721	3.260	8.534	11.193	0,33%	0,85%	1,11%	27.223	34.154	35.079	2,79%	3,50%	3,56%
España	19.055.298	19.267.221	19.500.277	134.396	211.923	233.056	0,71%	1,11%	1,21%	596.631	711.092	875.941	3,23%	3,83%	4,70%

Fonte: IGE Informe de afiliación á Seguridade Social (segundo datos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social)



Logo de que no primeiro trimestre a afiliación media en Galicia caese por baixo o millón de persoas afiliadas, esta barreira volveu a ser superada en cada mes do 2º trimestre de 2021, con incrementos cada vez maiores en valores absolutos e porcentuais segundo avanzaba o trimestre, tanto mes a mes como en interanualmente. Este mesmo comportamento foi o que se produciu en España, se ben cada incremento rexistrado en Galicia estivo, en termos porcentuais, por debaixo da media española.

En termos interanuais, e como xa se advertía na edición anterior deste Boletín, a partir do mes de marzo cómpre ter en conta que os valores de referencia xa comezan a incluír rexistros afectados pola pandemia de Covid-19. Se observamos o Gráfico 4 vemos que, logo de 13 meses consecutivos de caída da afiliación media en termos interanuais, a afiliación media á Seguridade Social incrementouse en abril de 2021 respecto ao mes de abril de 2020. Dado que neste caso as variacións anuais, tanto en valores absolutos como porcentuais están claramente

influenciadas polo excepcional dos meses que se toman como punto de partida na comparación, resulta interesante destacar que a afiliación media en xuño de 2021 en Galicia está en valores case idénticos (é tan só un -0,4% inferior) á rexistrada no mes de xuño de 2019 (en España, a afiliación media en xuño de 2021 é inferior á de xuño de 2019 en tan só un -0,1%).

Sinistralidade

Á data de peche deste Boletín, aínda non foron facilitados polo ISSGA datos de accidentes con baixa posteriores aos do ano 2020, datos que xa foron recollidos no pasado número do Boletín.

Aínda que o análise da *Estadística de Accidentes de Trabajo* elaborada polo Ministerio de Trabajo e Economía Social non permite facer unha distribución dos accidentes en función da súa gravidade por sectores de actividade, a diferenza do ISSGA, si que nos permite avaliar a evolución temporal da sinistralidade. Así, se tomamos como referencia á evolución ata o mes de xuño de 2021, último dato facilitado polo Ministerio, a sinistralidade por accidentes de traballo en Galicia se reduciu nun -1,9%. Esta tendencia ven sempre marcada polos accidentes leves, moito máis numerosos, pero que neste caso tamén se ve acompañada nos accidentes graves, que baixan por riba do -2% e dos accidentes mortais, que diminuíron moito neste período, por riba do -40%.

Accidentes con baixa en xornada laboral por gravidade en Galicia (Xaneiro-Xuño 2020-2021)

	2020	2021	% Var
Leves	10.304	10.118	-1,8
Graves	189	185	-2,1
Mortais	27	16	-40,7
Total	10.520	10.319	-1,9

Fonte: *Estadística de accidentes de trabajo* Ministerio de Trabajo e Economía Social

Accidentes con baixa en xornada laboral e índices de incidencia por sectores de actividade en Galicia (Xaneiro-Xuño 2020-2021)

	Accidentes con baixa en xornada			Índices de incidencia		
	2020	2021	% Var	2020	2021	% Var
Agríc.-pesca	935	890	-4,8%	301	290	-3,6
Industria	3.295	2.793	-15,2%	382	325	-14,8
Construción	1.614	1.643	1,8%	363	358	-1,4
Servizos	4.676	4.993	6,8%	111	117	5,1
Total	10.520	10.319	-1,9%	180	175	-3,1

Fonte: *Estadística de accidentes de trabajo* . Ministerio de Trabajo e Economía Social

Se atendemos á evolución por sectores de actividade, se observa unha redución do número de accidentes na agricultura e pesca e, de xeito máis intenso, na industria, cun leve incremento no sector da construción e un aumento maior nos servizos, onde o número de accidentes incrementábase en preto do 7%. No que atinxe aos índices de incidencia o comportamento é similar, co matiz de que, tomando como referencia este parámetro, o sector da construción pasa de amosar un lixeiro incremento da sinistralidade a amosar unha diminución do -1,4%.

Esta redución da sinistralidade vencellada a accidentes con baixa rexistrada en 2021 fronte a 2020 é especialmente destacable se temos en conta que a actividade laboral neste período do ano foi moi superior á do ano pasado debido ao confinamento que se produciu entón.

Conflitividade

Folgas realizadas, persoas traballadoras participantes e xornadas non traballadas Galicia-España (Xaneiro-Maio 2021)

	Folgas		Persoas traballadoras participantes		Xornadas non traballadas	
	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior
Galicia	21	6	2.409	-3.387	8.880	1.845
España	269	55	41.539	1.855	135.119	-27.060

Estadística de huelgas y cierres patronales. Ministerio de Trabajo e Economía Social

(datos provisionais - non inclúen folgas xerais)

mesmo período. As tendencias diverxen no que atinxe ás persoas traballadoras participantes, parámetro para o cal os valores diminuíron en Galicia por riba do -58% mentres que o número de persoas traballadoras participantes en folgas aumentou en España, se ben a redución non alcanzou o -5%. Pola contra, as xornadas non traballadas como consecuencia de folgas aumentaron en Galicia nun 26% mentres que se reduciron en España nun -25%.

De novo, á hora de analizar estes datos, hai que ter en contra o efecto das restricións á mobilidade e á actividade no que atinxe á conflitividade no período de 2020 respecto ao cal estamos a comparar os datos deste ano.

Expedientes de Regulación de Empleo

Os últimos datos relativos aos ERE dispoñibles na páxina web da Consellería de Emprego e Igualdade son os correspondentes a Decembro de 2019, motivo polo que pasamos a analizar os facilitados polo Ministerio de Trabajo e Economía social na súa *Estadística de Expedientes de Regulación de Empleo*, máis actualizados.

Os datos facilitados na *Estadística* para o primeiro semestre do ano amosan diminucións drásticas no número de persoas traballadoras en ERE de suspensións de contratos e de redución de xornada tanto en Galicia (o -98,2%) como en España (o -97,4%), diminucións cuxa intensidade deriva do acusado descenso do número de traballadores e traballadoras en ERTE respecto das persoas afectadas por eles en xuño de 2020.

Porén, obsérvanse incrementos porcentuais tamén importantes no que se refire aos despedimentos colectivos: así, as persoas traballadoras inmersas en ERE de despedimento colectivo no primeiro semestre do ano foron 521, o que supón un aumento do 82,2% respecto do primeiro semestre do 2020. O incremento en España nesta variable e período foi do 55,4%, acadándose as 7.625 persoas.

Os datos facilitados polo IGE no que atinxe aos Expedientes de Regulación Temporal de Emprego (ERTE) a partir dos datos de afiliación á Seguridade Social indican que, logo de que o número de persoas traballadoras en ERTE acadara o máximo de 2021 no mes de febreiro con 46.665 persoas afectadas por eles, o seu número foise reducindo mes a mes. Así, as persoas afectadas por ERTE notificadas a 30 de xuño de 2021 eran 18.779, dato que supón una redución de 4.084 persoas menos que ao final do pasado mes, e un descenso dun -87,5% respecto do máximo acadado a 30 de abril de 2020, momento no que o seu número ascendía a 150.281 persoas traballadoras en ERTE en Galicia.

Custos laborais e salariais

Custos laborais e salariais. Galicia. 2015-2021

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo laboral por hora efectiva		Custo salarial por persoa traballadora e mes		Custo salarial por hora efectiva	
	Euros	%var. Int.	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.
2015	2.246,2	-0,7	17,2	0,3	1.649,0	-0,3	12,6	0,8
2016	2.248,3	0,1	17,4	1,3	1.655,0	0,4	12,8	1,5
2017	2.288,9	1,8	17,7	1,4	1.687,4	1,4	13,0	1,6
2018	2.313,2	1,1	17,9	1,3	1.711,5	1,4	13,1	0,8
2019	2.403,1	3,9	18,7	4,2	1.812,2	5,9	13,7	4,6
2020	2.361,9	-1,7	19,6	4,8	1.738,8	-4,1	14,3	4,4
1T15	2.175,0	0,2	16,1	1,8	1.582,0	0,6	11,7	2,4
2T15	2.249,0	-2,1	16,7	-2,2	1.635,8	-2,2	12,2	-2,2
3T15	2.196,2	-0,4	17,5	-0,2	1.601,9	0,0	12,8	0,2
4T15	2.370,6	-0,3	18,3	1,9	1.775,8	0,4	13,7	2,7
1T16	2.203,1	1,3	16,8	4,3	1.596,2	0,9	12,2	3,7
2T16	2.232,7	-0,5	16,4	-1,9	1.640,6	0,3	12,0	-1,2
3T16	2.213,6	0,8	18,0	2,7	1.624,0	1,4	13,2	3,3
4T16	2.343,7	-1,4	18,3	-0,1	1.759,1	-0,9	13,8	0,1
1T17	2.209,8	0,3	16,1	-4,2	1.610,0	0,9	11,7	-3,6
2T17	2.259,7	1,2	17,1	4,3	1.662,6	1,3	12,6	4,4
3T17	2.258,4	2,0	18,4	2,3	1.651,6	1,7	13,4	2,0
4T17	2.427,6	3,6	19,0	3,8	1.825,5	3,8	14,3	4,0
1T18	2.245,6	1,6	17,0	5,4	1.630,8	1,3	12,3	5,0
2T18	2.301,9	1,9	17,0	5,4	1.699,6	2,2	12,4	-0,9
3T18	2.287,6	1,3	18,6	1,1	1.699,6	0,9	13,5	0,7
4T18	2.417,6	-0,4	19,0	-0,4	1.815,9	-0,5	14,2	-0,5
1T19	2.318,0	3,2	17,3	1,8	1.863,0	3,2	12,4	1,8
2T19	2.400,3	4,3	18,4	7,0	1.777,0	4,6	13,6	9,6
3T19	2.360,5	2,8	19,2	3,7	1.712,7	2,8	14,0	3,7
4T19	2.533,5	4,8	19,8	4,2	1.896,2	4,4	14,8	3,9
1T20	2.324,5	0,3	18,0	4,0	1.693,3	1,8	13,1	5,6
2T20	2.264,8	-5,6	20,6	11,9	1.668,8	-6,1	15,2	11,4
3T20	2.307,8	-1,8	19,3	0,3	1.693,4	-1,1	14,2	1,0
4T20	2.550,5	0,7	20,4	3,3	1.899,9	0,2	15,2	2,8
1T21	2.324,3	0,0	18,4	2,3	1.690,7	-0,2	13,4	2,1

Fonte: INE (Encuesta trimestral de coste laboral)

A Encuesta Trimestral de Coste Laboral do INE para o primeiro trimestre de 2021 sinala un valor medio do custo laboral por persoa traballadora e mes en Galicia de 2.324,3 €/mes, valor practicamente idéntico ao que se rexistrou fai catro trimestres. En comparación, o custo laboral medrou en España nun 1,4%, logo de acadar os 2.605,6 €/mes, co que o custo laboral en Galicia fica un -10,8% inferior ao da media española.

O custo salarial en Galicia diminuíu nun -0,2% respecto ao primeiro trimestre de 2020, acadando os 1.690,7 €/mes, o que fai o terceiro trimestre de decrecemento dos custos salariais nos últimos catro trimestres. Pola súa banda, en España o custo salarial por persoa traballadora en mes medrou nun 1,0% interanual no trimestre, e ficou en 1.907,82€/mes, polo que o custo salarial por traballador ou traballadora en Galicia pasou a ser inferior ao custo en España nun -11,4%.

Porén, e a pesares de que en valores absolutos os custos salariais ou laborais non subiron en Galicia, a redución do número de horas traballadas respecto aos intervalos de referencia fixo que os custos por hora efectiva volveran a incrementarse. No caso dos custos laborais, incrementáronse nun 2,3% interanual en Galicia, mentres que os salariais subiron nun 2,1% interanual. Estes incrementos foron inferiores aos rexistrados en España para os mesmos períodos de referencia en 1,2 e 1,0 puntos porcentuais, respectivamente.

Sociedades constituídas, disolvidas e ampliacións de capital

Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, 2º Trimestre 2021

	Dato do trimestre		Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto ao trimestre pasado	%variación de capital respecto ao trimestre pasado	Var. absoluta núm. sociedades respecto mesmo trimestre do ano pasado	%variación de capital respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
	Núm. sociedades	Capital (miles €)				
Sociedades constituídas	1.170	42.461,1	120	-42,8%	724	-4,8%
Sociedades que ampliaron capital	280	798.964,0	-55	-87,7%	144	146,2%

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

Os datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME) para o segundo trimestre de 2021 indican que continúa o crecemento na creación de sociedades mercantís que se constitúen, crecemento xa observado desde a segunda metade de 2020. Porén, a diferenza do acontecido no pasado trimestre, no que se produciron incrementos moi significativos, o capital invertido nestas novas sociedades foi

inferior ao invertido no trimestre pasado en case un -43% pese a que o número de sociedades constituídas aumento en máis dun 11%. Engadir que, pese a que as sociedades constituídas no trimestre aumentaron nun 170% respecto ao segundo trimestre de 2020, o capital nelas invertido diminuíu case un -5%.

As sociedades que ampliaron capital diminuíron tanto no seu número (un -16% menos) como no capital invertido nelas no pasado trimestre, no que a cantidade invertida foi oito veces maior. Fronte ao acontecido no segundo trimestre de 2020, o capital ampliado foi superior en preto do 150%.

Sociedades mercantís disolvidas, que reducen capital ou en situación concursal, 2º Trimestre 2021

	2T21	1T21	2T20
Sociedades disolvidas	323	624	95
Sociedades que reducion capital	64	107	40
Sociedades en situación concursal	81	65	13

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

Logo dos dous trimestres consecutivos de fortes incrementos, o número de empresas disolvidas ou que reduciron capital diminuíu no segundo trimestre de 2021 respecto do trimestre. Así, o número de sociedades disolvidas ao comezo de 2021 diminuíu en máis da metade respecto ao trimestre anterior. No que atinxe ás sociedades que reduciron capital, esta diminución acadou , o incremento respecto ao trimestre anterior superou o -40%.

Porén, o número de empresas que foron a concurso de acredores aumentou nun 25% respecto ao primeiro trimestre de 2021. Ademais, rexistráronse cinco procesos de escisión de empresas, dous menos que no pasado trimestre, mentres que os procesos de fusión foron 12, redución de máis do -62% respecto das fusións rexistradas no primeiro trimestre do ano.

Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais

O pasado 21 de maio Cristina Fabeiro Varela foi nomeada como nova secretaria do Consello Galego de Relacións Laborais. Dado que a presidencia do Consello permanece vacante desde o mes de xaneiro de 2020, e en cumprimento do disposto da nosa Lei reguladora, Cristina Fabeiro asume tamén actualmente as funcións de presidenta do Consello.

No primeiro semestre de 2021 a Comisión Delegada de Ditames emitiu 24 ditames sobre normativa laboral autonómica, 14 máis dos emitidos no período correspondente do ano 2020.

No que atinxe á súa función de apoio á negociación colectiva en procedementos de solución extraxudicial de conflitos colectivos de traballo, no que vai de 2021 tiveron entrada no AGA 56 solicitudes de expedientes de mediación ou arbitraje, 22 máis das rexistradas no primeiro semestre de 2020. En 46 deles todas as partes en conflito aceptaron levar a cabo mediación ou arbitraje. Destes, pecháronse con acordo o 72%. Sen abandonar o eido do apoio á negociación colectiva galega, sinalar que durante o segundo trimestre do ano asinou se o primeiro Convenio colectivo das fundacións públicas de investigación sanitaria galegas, cuxa mesa negociadora tivo como sede este Consello.

Pode consultar información máis específica da situación da negociación colectiva galega no Boletín da Negociación Colectiva deste Consello: <https://www.cgri.gal/publicacions-2/negociacion/boletin-do-observatorio-de-negociacion-colectiva/>